



AGUILÓN

ORGANO DE ASOCIACIÓN CULTURAL BETANCIERA * SETIENBRO 1983 * N° 2



R-1044



S U M A R I O

EDITORIAL

POLITICA

- A democracia municipal.
- Apuntes para un debate sobre da participación ciudadán.
- EE.UU. e a crise Centroamericán

ECOLOXIA

- A contaminación en Betanzos a debate.
- Sobor da homaxe aos irmáns García Naveira.

CULTURA

- Centenario da prensa betanceira.
- “Particularismos” do Centro “Vales Villamarín”.
- Bases do Consello de Cultura.
- Karl Marx. Centenario.
- Franz Kafka: o home na obra (1873-1924).
- Enquisas do “Aguillón”

ANUNCIOS.

A “Asociación Cultural Betanceira” agradece a A.VV. de Santa María-A Ribeira, aos establecementos anunciantes e a tódolos compañeiros/as a sua colaboración e apoio que fixo posibel este novo número de “Aguillón”.

Imprenta LUGAMI - Betanzos

Depósito Legal: C-1.134-83



EDITORIAL

A “Asociación Cultural Betanceira” ten por finalidade impulsala participación popular na defensa e promoción da libertade, a cultura, o medio ambiente e a calidade de vida.


Si publicamos a revista “AGUILION” é coa pretensión de que haxa na comarca betanceira un medio de comunicación aberto ás persoas e colectivos en loita pola liberación do home.

Porque ante unha sociedade en proceso de decadencia e crise, na que o home e a natureza son explotados polo home, é necesario e urgente escomenzar un debate crítico do pobo cara a buscalas alternativas de progreso aplicables á práctica da vida cotidián na nosa comunidade.

Así, “AGUILION” é un medio de información libre e de difusión pública deste debate cidadán que pretendemos potenciar na comarca de Betanzos.

ESPERAMOS A VOSA PARTICIPACION!

A.C.B.



A DEMOCRACIA MUNICIPAL

1.— AUTONOMIA MUNICIPAL

O primeiro requisito indispensabel pra que haxa democracia no municipio, é decir pra que o pobo participe no exercicio do poder, é unha autonomía real respecto dos gobernos central e autonómicos, con plena capacidade política e material pra o autogoberno da sua comunidade.

A Constitución garantiza aos municipios a autonomía necesaria prá xestión dos seus intereses (arts. 137 e 140). Pero a Lei de Rexime Local (L.R.L.) non establece un ámeto exclusivo de competencias municipáis, senón unha esfera de competencias alternativas actuábeis na maioría dos casos polo Estado, deixando sen eficacia a Constitución. Así produceuse un vaciamiento das competencias municipáis, pois a L.R.L. admite que outros organismos estatais poidan crear servicios análogos, o que conduce á prohibición de determinadas actividades ao municipio asegún o Reglamento de Servicios das Corporacións Locais pra evitá-la duplicidade de servicios.

O crecente intervencionismo estatal reduce constantemente o ámeto de actuación municipal, quedando esta reducida á xestión de determinadas obras e servicios de equipamento colectivo (alcantarillado, matadeiro, mercado, cementerio, etc.) e á intervención limitada na ordenación urbanística (concesión de licencias, etc.). A autonomía proclamada formalmente na Constitución é imposibel na realidade debido á subordiñación xerárquica ao Estado.

A dependencia xurídico-política maniféstase en:

— Delimitación do territorio municipal polo Estado, creando unha división política-administrativa ficticia e distorsionante, allea á realidade das parroquias, vilas e bisbarras de Galicia.

— Organización política do municipio establecida e controlada polo Estado; así a Corporación Municipal está regulada pola L.R.L. pechando a participación activa dos ciudadáns.

— Capacidade político-xurídica limitada, pois a actuación municipal ten que axustarse aos poderes específicos atribuidos polo Estado.

— Control e vixilancia exercida polas autoridades administrativas ás que corresponde a aprobación definitiva dos Reglamentos e Ordenanzas municipáis; por exemplo, o gobernador civil pode suspendé-los, o cal é de dubidosa constitucionalidade.

— Intervención crecente do Estado na planificación, xestión e control de servicios, vedando ao municipio actividades propias deste.

— Planificación e ordenación territorial e urbanística polo Estado cunha reducida e subordiñada intervención do Axuntamento, pois a aprobación definitiva dos plans e normas corresponde sempre ao Estado.

A dependencia económica é o instrumento máis eficaz pra limitar, reducir e controlar a actuación municipal. Os recursos económicos públicos son absorvidos e centralizados polo Estado, e o municipio, carece de medios materiais e económicos pra desenrolar a actividade necesaria, até o punto de que nin siquera pode fazer frente as obligacións mínimas establecidas pola L.R.L. por falla de recursos.

O Axuntamento ten que recurrir prá financiación de determinadas obras e servicios á axuda do Estado, quen concede as subvencións subordiñadas aos seus criterios políticos e técnicos. A outra vía de financiación é aumentala presión fiscal enfrentándose coa xusta oposición dos veciños que xa soportan as cargas tributarias

dun Estado
recursos
municipic
A dep
nómica re
á aplicaci
Esta subc
ción crec
tereses d
algunha
cal pois
mente nc
ganos ce
gura os i
miñantes

O pa
pal é ase
tereses c
nalidade
domiñad
cauces c
que pola
tán obliç
ao deser
tencias i
con ca
contradi
tas dem
ración e
no camí

Os p
bor do c
versos c
putació
ción mu
por forz
exterior
aparato
fiado ac
Pero ta
tución domiñ

dun Estado que xeneralmente destiña os recursos públicos en actividades alleas ao municipio.

A dependencia xurídico-política i económica reduce as competencias municipais á aplicación da política do goberno central. Esta subordiñación xerárquica e a intervención crecente do Estado explica que os intereses das clases domiñantes poidan estar algunha vez ausentes da escena política local pois están xa representadas directamente no Estado que a través dos seus órganos centrais e locais subordiñados, asegura os intereses e dominio das clases domiñantes no municipio.

O papel principal da institución municipal é asegurá-la domiñación política e os intereses das clases domiñantes. Con esta finalidade búscase a colaboración das clases domiñadas e a lexitimación social mediante cauces de integración nunhas institucións que pola sua subordiñación xerárquica están obligadas a aplicá-la política do Estado ao desenrolar a sua actividade con competencias mínimas. Así o Axuntamento soio con capacidade pra regular pequenas contradicións de intereses e satisfacer certas demandas sociáis proporciona colaboración e lexitimación ao aparato de estado no campo político local.

Os poderes de clase son exercidos sobre do campo político local a través de diversos organismos (partidos políticos, Diputación, Xunta, etc.) i entre eles a institución municipal. O municipio está domiñado por forzas políticas, sociáis i económicas exteriores á localidade e forma parte do aparato de estado da sociedade, subordiñado aos intereses das clases domiñantes. Pero tamén hai contradicións entre a institución municipal subordiñada e o Estado domiñante.

2.— DEMOCRACIA MUNICIPAL.

A organización política do municipio ven imposta polo Estado e regulada esencialmente na L.R.L., heredada do fascismo con modificacións, e na Lei de Eleccións Locais (L.E.L.) onde establecese que o goberno e control do Axuntamento é exercido durante catro anos de mandato polos concelláis (17 en Betanzos), lexítimos representantes do pobo en virtude de eleccións libres. A responsabilidade política confiada á Corporación será controlada polos cidadáns nas próximas eleccións cando se elixan os representantes que gobernarán durante o seguinte mandato.

O sistema electoral establecido na L.E.L. sofre importantes deficiencias ao sustituir o debate público dos cidadáns pola propaganda demagóxica dos partidos; ao poñer obstáculos as candidaturas independentes dos partidos; ao desvirtuá-la xusta proporcionalidade entre os votos e os concelláis obtidos por cada candidatura mediante a regla D'Hont, etc.

Mais o esencial é a imposición dun sistema de democracia formalista, burguesa e desnaturizada por virtude da irrevocabilidade dos concelláis. Durante catro anos de mandato os concelláis gobernan no Axuntamento excluindo a participación cidadán i escapando de calqueira mecanismo de control popular, i en definitiva, reemplazan a execución da vontade popular polo ejercicio partidista do poder político. Así os cidadáns limitanse a votar unha vez cada catro anos e os políticos exercen o poder real no Axuntamento.

A Lincoln, presidente de U.S.A., definiu a democracia como "o goberno do pobo, pra o pobo e polo pobo". Os políticos gobernan sen o pobo.

A democracia real ten que exercerse de cotío mediante a participación activa dos cidadáns no goberno e control do Axuntamento. Os veciños teñen que ser informados e debatir públicamente os asuntos da comunidade. O pobo ten que manifestar directamente a sua vontade política, sendo os concelláis os executores desa vontade popular e non os substitutos da mesma. Os cidadáns otorgan e retiran a confianza política aos seus representantes libremente elexidos e revocabéis, cuia xestión é controlada permanentemente polo pobo. Hai que transformá-la democracia formal e delegada dos políticos na democracia real exercida activamente polos cidadáns.

PARTICIPACION CIDADAN

Os partidos políticos da esquerda transformáronse con frecuencia, de organizacións populares de loita polo socialismo en máquinas electorais pra conquistá-lo poder político esquencéndose da finalidade da loita democrática: o exercicio do poder polo pobo. E anteponendo os seus intereses partidistas exercen o poder abandonando o diálogo, control e participación cidadán.

A U.C.D. gobernou no Axuntamento pechando a participación popular até as eleccións do 9 de maio. O P.S.O.E. goberna hoxe o Estado e o Axuntamento de Betanzos. Esperamos o cumprimento dos seus compromisos cunha decidida vontade política democrática, abrindo o Axuntamento á participación popular, e introducindo na xestión municipal unha nova ética que faga realidade o cambio e o afianzamento da democracia real e participativa na nosa comunidade.

Ainda dentro do marco constitucional é posibel, necesario e urgente, avanzar con

firmeza no longo proceso de profundización na democracia, abrindo cauces de participación cidadán no Axuntamento.

Algunhos medios fundamentais de participación son:

1.- Casas de Cultura: Apertura en todos los barrios e parroquias do municipio de locais axeitados e abertos aos veciños para realización de actividades culturais e lugar de reunión e diálogo dos cidadáns e os representantes municipais.

2.- Diálogo público: Impulsá-lo debate e información pública sobre dos asuntos da comunidade e fomentá-lo diálogo entre os cidadáns e os representantes municipais. E necesario:

- Informar públicamente aos cidadáns da xestión municipal.

- Consultar previamente cos cidadáns as decisións importantes do Axuntamento.

- Recibir peticións, informacións e proxectos dos cidadáns e debatilos publicamente.

- Reunións públicas de información e debate cos veciños.

3.- Referendum popular.- Este importante mecanismo de participación, de expresión directa da vontade popular, ven contemplado xa na Constitución.

As decisións políticas de especial trascendencia para comunidade deben ser sometidas a referendum a convocatoria do Axuntamento ou por iniciativa popular dun número mínimo de veciños.

4.- Órganos de participación: Instrumentación de órganos municipais de participación popular nos asuntos da comunidade; con atribucións e medios materiais suficientes pra desenrolar unha acción pública de promoción, proxección, organización e xestión nos eidos da cultura, deporte, medio ambiente, sanidade, etc.

Como órgano de participación cidadán,

Apuntes para un debate sobre da participación ciudadán

Nin que decir ten que o Municipio constitúe unha das estruturas básicas do Estado como ente xurídico subordinado, no que sobresae esa cidade xeográficamente implantada onde se instala a superestructura burocrático-administrativa-política dunha sociedade que acumula plusvalía.

ORIXENES

Adentrándonos un pouco na sua historia cabe sinalar que durante a conquista Romana os territorios conquistados eran dotados polo poder dun réxime xurídico semellante ao da capital, en cuio territorio reuniánse os veciños en asamblea para elecir aos maxistrados e á curia, para logo, no período do medioevo, durante a data visigoda co goberno dos Condes, apenas ter relevancia algúns, e menos ainda ca dominación árabe pois apenas existía coma comunitade autónoma.

Pero foi na época da Reconquista cuando surxen con grande força nos reinos cristianos ao raepoboarse as zonas recuperadas, e a pesares de que gozaban da posibilidade de dispor dun réxime xurídico legal tal como acontecía na época romana, non se atañan ás normas establecidas pois as asambleas veciñais espontáneas rompián con todo tipo de imposicións por parte do poder, organizándose os "Concellos abertos" (existentes ainda hoxe en algúns lugares de Galicia e de España), os caíns constituiron a mostra máis avanzada da experiencia democrática no Régime Local da nosa historia.

Máis tarde, na Edade Moderna, por culpa dese narcisismo patrioterico chamado "Unidade Nacional" promulgado polos Reis Católicos, foseles roubando esa función gobernativa de autoxestión e non tiveron máis remedio que cedelas suas facultades de administración aos corredores que eran os representantes da coroa.

No século XIX o Municipio vai perdendo esa autonomía que nun tempo o caracterizaba, pois o poder central considerabao coma unha creación da Lei e vai mermando as suas funcións, onde a intervención do Estado na designación de autoridades e funcionarios e, con isto o control da sua actividade, estaba ao orden do día.

No noso século, en plena era de desenvolvemento capitalista, despois do Estatuto Municipal do ano 1924, o cal recoñecia, de novo, coma asociación natural, escóménzase a considerarlle a sua personalidade xurídica con plena capacidade de obra, sempre, claro está, segun as imposicións do Dereito. A Lei municipal do ano 1935 tamén o configuraba coma entidade natural autónoma; e a actual Lei, vixente desde o ano 55, ainda que con algunas recentes modificacións, sigue mantendo unhos criterios uniformistas sometendo a entidade do Municipio a severos controles da administración do Estado e impidíndolle toda autonomía establecida pola Constitución.

A NOVA LEI DE RÉXIME LOCAL

Pero nin agora que se fala dun novo proxecto de Lei de Régime Local do que,

entre o Parlamento desface mos es cións democrática sexa plena autonomia unha ("real"), unha priedade, institucións pobo. I subsistirán tantes daga de análises en prácticas mocráticas texa gob Popular

Porque caso de tanto as Axuntanza e Conceyto acordos ses populações non están mautonomía autónoma, nizárense ran.

Some pendencias pacas de capitalist calas, per comenza e, pouco

na, por
hamado
o polos
nado esa
n e non
sua sfa-
exidores
a.

perden-
caracte-
derába o
rmando
ición do
es e fun-
ta activi-
ta.

i de de-
Estatuto
oñeciao,
al, esco-
onalida-
de obra,
ciones do
1935 ta-
e natural
dende o
recentes
los crite-
ideade do
la admini-
olle toda
itución.

CAL

un novo
do que,

entre outras aberracións, especúlase que os Parlamentos Autónomos terán poder para desfacelas corporacións municipais, podemos esperanzarnos con futuras constitucións de Axuntamentos "auténticamente democráticos", onde a sua administración sexa plantexada en base a unha auténtica autonomía descentralizadora que imprima unha dósis de participación ciudadán "real", cuíos membros poidan levar a cabo unha pedagoxía democratizadora da sociedade, co único ouxeto de poñer unha institución tan importante ao servicio do pobo. Porque, qué posibilidades ten de subsistir un Axuntamento cuíos representantes do pobo, sin desdeixarse da sua obliga de gobernar (non entramos agora en análises sobre da verba "gobernar") poñan en práctica unha experiencia realmente democrática, cuio Parlamento Autónomo estexa gobernado, por exemplo, pola Alianza Popular?

Porque unha Lei de Régime Local, en caso de ser necesaria, tería que ter en conta tanto as posibilidades de referenduns no Axuntamento para a revocación de Alcades e Concelláis, coma para a anulación de acordos cando foran en detrimento das clases populares, onde coma condición "sine qua non" esixira o control ciudadán da xestión municipal, con unha auténtica autonomía respecto dos gobiernos centrals e autónomos, con verdadeira autonomía económica, e con plena capacidade para organizárense as suas corporacións coma quixeran.

Somentes así remataríamos con esa dependencia antidemocrática e seríamos capaces de poñerlle algo de freno ao sistema capitalista, ainda que fora en pequenas escasas, pero polo menos sería un pequeno escomenzo de autoxestión feito dende a base e, pouco a pouco, a conciencia das masas

populares iría despertando do seu letargo e abriremos camiño a realidades concretas cara a práctica democrática.

O NACEMENTO DO MOVIMENTO CIUDADAN E A OPOSICION AOS AXUNTAMENTOS DO FRANQUISMO

Temos que ter en conta que durante a época do franquismo, esas circunstancias históricas impostas á nosa sociedade á golpe de himno e fusil, a oposición nos Axuntamentos significou, ante todo, unha auténtica oposición á dictadura, cuia loita foi canalizada, en un primeiro intre namentres os partidos non foron legalizados, ao traveso do chamado Movemento Ciudadán.

Aló polos anos cincuenta, sobre de todo nas grandes cidades coma Madrid e Barcelona, xurdiron os primeiros intentos de Asociacións veciñais que no seu escomenzo quedáronse somentes en Asociacións de propietarios e veciños afectados por tal ou cal problema. Pero é nos anos sesenta cuando escomenza a sentirse o tremendo auxe do movemento ciudadán ao traveso das Comisións de Barrio ou Plataformas de Barrio, en cuia cabeza estaban dende os máis moderados "demócratas", até escindidos do P.C.E. e algúns sectores cristianos radicais.

Cabe destacar diante da grande avalancha de Asociacións que xurdían en tódalas cidades e vilas, a táctica seguida pola Administración do Estado, prohibindo ás organizacións populares dos barrios e parroquias o uso do nome do mesmo, favorecendo, deste xeito, a aparición de diversas organizacións tendentes á división das clases populares.

O Movemento era todo un conglomerado

do de ideoloxías e ainda que a loita era moi escasa nos seus primeiros tempos, consistente en denunciála opresión ao traveso de "panfletos" e reivindicacións de milloras mínimas nos barrios, moi axiña consiguiu unificarse ideolóxicamente cara a reivindicacións dunhas puntos mínimos: ruptura democrática, celebración de eleccións libres e instauración da República, puntos que levarían consigo á conquista da DEMOCRACIA.

Nesa xuntanza de ideoloxías e organizando a loita despóis dunha clarificación de polo que se loitaba, de aí que fose respaldada polas máis diversas clases populares, chegaron a xogar un papel importante as asociacións de amas de casa (ai marnai, quen te viu e quen te ve!), hoxe aburguesadas e totalmente reaccionarias atopándose, algunas delas, nas acomodadas posicións da dereita máis fascista, as cáis participaban activamente nas loitas do Movemento Ciudadán.

Pero cando os líderes dese movemento foron "entrando polo aro" dos partidos que hoxendía están participando no xogo do poder e que foron acollidos cos brazos abertos no seo da democracia burguesa, por cuia presencia para poder outar a conquista do mesmo (caso do P.S.O.E. e P.C.E.) sin poñer en perigo (paticipando ou gobernando) ao sistema capitalista, tiveron que "esquencer" ás clases traballadoras das cáis sempre se sinalaron coma os seus lexítimos defensores, máis ca sua actitude o que realmente fixeron foi mantelas á raia, apartandoas de calqueira negociación que provifiese das bases e, en suma, que poidese rematar cos privilexios das clases dominantes. E neste tempo cando escomenzou a decadencia de todo o movemento (e da esquerda en xeral) esperanzado, tamén, en que unha parte dessa esquerda accedera

ao poder municipal e había que darlle un marxe de confianza.

OS AXUNTAMENTOS DA "DEMOCRACIA" E UN "PEQUENO REPASO" A ESQUERDA

Si exceptuamos un par de apartados tales coma a cultura e unha maior decencia na administración, os Axuntamentos da "democracia" en mans da esquerda apenas tiveron incidencias no avance democrático que tal conquista do poder poidera supoñer. De todos modos hai que sinalar que foi moi significativo en canto ao marxe de maiobra política de que hoxendía gozamos, polo menos de cara a unha maior información sobre dos problemas municipais, o que permite pensar que no hipotético caso de que houbera un Movemento Ciudadán (esquerda) organizado, as conquistas populares non terían tocado fondo tan axiña, nin hoxe se sentiría preso do seu propio desencanto.

Pero a culpa dese desencanto dende logo hai que buscála nesa esquerda acomodada, burguesa, cuios líderes cambearon a ideoloxía polo tecnicismo e non souperon desestancálo pensamento das masas, nin ali onde tiñan o poder, abrías portas para que o pobo entrase a recuperalo. Que non se tratava, nin se trata, de que os veciños tomen eles o poder, así tal e coma se poida pensar ao decilo, pois non se trata de sustituila xente democraticamente elixida, nin os profesionais e técnicos, sinón de aportar á problemática específica de cada barrio e parroquia a participación dos veciños nas decisións que correspondan tomar.

Evidentemente a esquerda non estivo (nin está) a altura das circunstancias! Por-

que
táct
mar
para
men
and
abai
ron
mos
renc
que
unh
ma
unh:
a no
narc
houl
dem
men
tes c
do,
que
histó
c
nism
ao te
unha
nism
nova
adap
quer
(1),
xogc
tes c
cant
acat
co q
soas
mesn
deixa
do F
estra
voto:

que namentras que a dereita cambeada de táctica deixando de lado a represión (soio mantendo a necesaria —que é dabondo!— para dominála situación) e utilizando a mentira como práctica diaria, a esquerda andaba sumerxida en debates internos de abandono das filosofías que nun tempo foron a sua razón de ser. E así por un lado vemos a un P.S.O.E. con cuadros totalmente renovados, saídos da nada algúns deles, o que dá razón a pensar que, conservando unhas siglas tan históricas, foi formado coma no seu día o foi a U.C.D. Os líderes, unha vez organizado o partido e dominada a nova situación pola sua maioria, abandonaron o marxismo coma si realmente houbera algúha realidade histórica que demostrara a caducidade do mesmo, e somentes permitindo unhas mínimas correntes de opinión internas, sin forza no partido, que non teñen outro papel a cumplir que aguantar aos militantes más críticos e históricos.

O P.C.E., despóis de apartarse do Leninismo, en canto a estratexia revolucionaria, ao tempo que trataba de poñer en práctica unha nova filosofía chamada “eurocomunismo”, que “non é outra cousa que unha nova denominación para a vella práctica de adaptación, da esquerda comunista aos requerimentos nacionais do imperialismo” (1), para ser legalizado e poder entrar no xogo democrático tivo que facer importantes concesións de cara a sua poderosa (en canto a números) militancia, tais coma o acatamento da monarquía, a bándeira..., co que consiguiu que en pouco tempo persoas de importancia relevante dentro do mesmo (tanto técnicos coma intelectuáis) o deixasen soio para que a socialdemocracia do P.S.O.E., xogando intelixentemente a estratexia do cambeo, lle roubara tódolos votos e, de non ser pola forza que ainda ten

o seu sindicato Comisións Obrerias, hoxe sería un partido sin apenas importancia dentro do mapa político de España.

E esa outra esquerda, máis crítica, máis revolucionaria, integrada en infinidade de grupos que non se acomodaron a simple vista na democracia burguesa, tampouco soupo buscalo camiño da unidade de cara a formaren unha auténtica oposición que como meta, a corto plazo, fose encamiñada, polo menos, a concienzálas masas traballadoras, asimilando as novas correntes tales coma o pacifismo, a nonviolencia, o ecologismo, o feminismo... e non caendo en cuestiós tan absurdas, de cara a unidade, coma a sustitución do socialismo pola filosofía nacionalista. Porque son istos grupos radicais os que teñen que escomenzálo debate encol das suas estratexias convexas para, a longo plazo, ter unha representatividade máis auténtica na sociedade e non permitir que as clases traballadoras se dividan e loiten cada unha pola sua banda traicionando o que, penso eu, constitue un dos principios sagrados do socialismo: O INTERNACIONALISMO.

QUE PASA CA ESQUERDA E CO MOVEMENTO CIUDADAN EN BETANZOS?

Depois deste repaso tan escueto e xenérico encol da esquerda, se nos vamos adenrando nun pobo coma Betanzos, que despóis de catro anos de goberno municipal dunha dereita que pasou por alto toda cuestión de ética, ainda que os seus líderes presumen de “moralidade” e “comportamento cristián”, pero que na realidade foi sempre maquiavélico traicionando os más importantes principios éticos da filosofía cristiana, atopámonos cun pobo cultural-

mente morto, un desastre urbanístico sin precedentes, unha contaminación que en algunha ocasión xa puso en perigo a vida humán e unha apatía política impresionante que leva consigo o alienamento das clases populares.

Nesta concepción de Betanzos cabe destacála negativa actitude dunha esquerda que saída da clandestinidade sin demasiada actividade política, encontrouse cun certo desconcerto, quizás producto dese medo a ser indentificada coma tal, pois podia ser represaliadá (algún caso xa se dou), e cuios membros tampouco tiveron a valentia suficiente de assumilo seu papel de militantes (en canto a traballadores do socialismo), nin quixo correr ese risco de introducirse nese movemento ciudadán que naceu nalgúns barrios populares (coma na Ponte Vella), nin tampouco foi unha auténtica oposición pois non se esforzou o máis mínimo para recurrir á mobilización das masas de cara a plantexar conquistas reais de progreso e si preferise, en cambeo, utilízalo sillón dos plenos para alinearse ca dereita, en moitos casos, e permitindo con ista postura tan inconsecuente que os debates quedasen encadeados dentro das paredes do Concello.

En canto ao movemento ciudadán, que naceu en base a pequenas reivindicacións pero sin definicións políticas concretas (de aí que a sua desaparición ou estancamiento, coma hoxe acontece, estexa sendo unha realidade), ao ser abandonado pola esquerda quedou reducido a pequenos grupos de persoas, unhas aliadas do partido que hoxendía ten o goberno municipal e outras sin clarividencia política algúha, as que non lles interesa leválo debate ao barrio e a parroquia, e a proba de todo isto e que nin siquera se plantexan reivindicacións importantes tales coma esixir unha participa-

ción política activa na xestión municipal.

Total, que si ese movemento, toda a esquerda!, non se replantexa a sua postura introducíndose, de verdade, na vida do pobo, levando á rúa os debates, e algún dos concelláis de esquerdas (que xa quedan poucos) non analiza, consecuentemente, o significado do que dí defender e se volca na concienciación dos barrios até convertirse nese axitador/animador do mesmo, a dereita, astuta e renovada na sua totalidade, moi axiña estará a un paso do poder.

E ese análises da esquerda ten que escrutar por debatir no seu seo o imprescindible que resulta compaxinala teoría coa práctica; porque "somentes ca práctica vaise desbordando sempre o pensamento, e por ser más rica que iste, dá lugar a que se indague, se investigue e se invente o futuro" (2) o que permite que a conquista do socialismo (enténdase no amplo senso da palabra) non sexa esquencida.

Porque é esquencida, precisamente, por non ter presente que a falla dessa práctica leva consigo a desaparición da creencia na necesaria utopía. Porque a utopía sin tela presente, sin intentar comprendela, é como a negación dun posibel melloramento da felicidade, que non significa pensar na felicidade total e absoluta, sinón pensar en partir da pura realidade e pretender millorala no posibel, porque o posibel sempre vense o mellor e porque renegala presencia dese posibel (utopía) significa que somentes facemolo necesario e todos sabemos que hai que esforzarse para que non nos frustre, en moitos casos, a realidade.

Porque, ademais, "a utopía non é o irrealizable; a utopía non é o idealismo, é a dialectización dos actos de denunciar e anunciar, o acto de adenunciala estructura deshumanizante e de anunciar a estructura humanizante" (3); porque a utopía é, ante

todc
send
quer
se n
con
dad
rica

mul
mer
deb
a u
que
de,
"de"

(1)
(2)
(3)

pal.
a es-
istura
lo po-
n dos
uedan
nte, o
ica na
ertirse
a de-
idade,
e
e esco-
o im-
teoria
ráctica
ento, e
que se
ente o
nquistas
o senso
ite, por
ctica le-
ncia na
sin tela
é como
o da fe-
a felici-
en par-
nillorala
ipre ven-
resencia
omentes
nos que
ion nos
de.
non é o
ismo, é a
unciar e
structura
structura
ia é, ante

todo, un compromiso histórico que xa vai sendo hora de que sexa asumido pola esquerda coma condición para recuperala base máis humán do socialismo, que levaría consigo o nacemento dunha nova sensibilidade humán, dunha nova concencia histórica, dunha nova ética.

Realmente aquí non se deben dar fórmulas para ser deprendidas, trátase, únicamente coma o título siñala, de escomenzalo debate cara a dar ansias a unha esquerda e a un Movemento Ciudadán que é necesario que resucite para que, algún día, a liberdade, como dí a canción de Pablo Guerrero "deixe de ser unha palabra escrita na parede".

MANUEL CALO PURRIÑOS

- (1) Janus, "Nacionalismo, dexeneración do marxismo". Ed. Cuadernos/4.
- (2) Roger Garaudy, "Palabra de Home". Ed. Cuadernos pra o Diálogo.
- (3) Paulo Freire, "O mensaxe de Paulo Freire". Ed. Marsiega.

Estados Unidos e a crise centroamericana



Centroamérica vive actualmente unha profunda crise que afecta ás suas estruturas económicas, políticas e sociáis, que se manifesta non soio no caos económico en que se atopa immersa, senón que tamén paralelamente a esto producese na rexión un avance dos procesos revolucionarios e da loita dos Pobos por liberarse do xugo explotador nacional e foráneo.

Diante destas situacións que na actualidade vive o itsmo centroamericán, os Estados Unidos ven afectados os seus intereses económicos e políticos, considerando a posibilidade de que esta rexión estratégica pola sua ubicación xeográfica, escape ao seu control militar.

Neste contexto rexional o goberno ianqui diseñou pra Centroamerica unha política que lle permita garantizar a sua presencia na área e deter o avance vertiginoso dos movementos revolucionarios e a consolidación da Revolución Popular Sandinista, contraria aos seus intereses.


E eisi como Honduras foi escollida pola administración Reagan pra desempeñar o papel principal na execución dessa política (como xendarme do imperialismo en Centroamérica) debido fundamentalmente a duas razóns: a) Xeográfica, por ter fronteiras con El Salvador, Nicaragua e Guatemala, e b) Política, debido á sumisión i integrismo de que fai gala o goberno militar liberal de Honduras.

Resultado da estratezia intervencionista de Estados Unidos en Centroamérica é a crecente e indiscriminada represión contra do Pobo hondureño, como o demostra o feito de que nun ano foron asesiñados mais de 20 patriotas hondureños e capturados

ilegalmente e desaparecidos mais de 45 ciudadáns dese país, á vez que estudantes, campesiños e obreiros en número de 344 pasaron polos, cárceres clandestinos deste país no que vai de ano. Nin que falir da collabora do exército de Honduras co do Salvador como a triste masacre do río Sumpul, onde perderon a vida 600 salvadoreños na sua mayoría mulleres, nenos e anciáns. Ou a intromisión cada vez más frecuente do exército e aviación hondureña no territorio salvadoreño contra das forzas do F.M.L.N. Tamén Guatemala, outro fel laçao dos ianquis, beneficiase da sumisión do goberno hondureño, permitindo ás suas hostes e paramilitares penetrar en territorio hondureño i exterminar aos refuxiados guatemaltecos do campamento de "El Tesoro". O recente golpe de estado en Guatemala é unha mostra de como Washington manipula os gobernos da rexión. A base ianqui de Puerto Castilla (Honduras) con 120 boinas verdes excombatentes de Vietnam, co fin de adestrar a 4.000 soldados salvadoreños en guerra de contrainsurxencia. As constantes agresións a Nicaragua coa complicidádo do exército hondureño, a asesoría militar aos esbirros somocistas por parte da embaixada U.S.A. en Honduras, eisi como o avituallamento de material bélico sofisticado son pequenas mostras da política do Pentágono prá zoa.

Diante deste panorama agresivo e preocupante, soio o accionar combativo e solidario dos Pobos deterá a intervención imperialista.


Comité de Solidaridade con
América Latina
C.O.S.A.L




de 45 ci-
tudantes,
o de 344
nos dese-
lar da co-
co do Sal-
Sumpul,
oreños na
áns. Ou a
oente do
territorio
orzas do
tro fel la-
sumisión
do ás suas
territorio
refuxiados
le "El Te-
en Guate-
Washington
n. A base
duras) con
es de Viet-
0 soldados
ainsurxen-
Nicaragua
ndureño, a
ocistas por
Honduras,
aterial bél-
nostras da

esivo e
reativo e soli-
vención im-

con



A contaminación en Betanzos a debate



A "Asociación Cultural Betanceira" publicou en Outubro do derradeiro ano, un número da revista "AGUILÓN" encol do tema monográfico da contaminación en Betanzos, e logo de dous meses da sua saída á rua, convocouse un debate baixo o lema: "Todos somos... culpabeis?".

Invitaronse explícitamente ós representantes locais dos diferentes partidos, ás empresas "presuntamente" contaminantes, ós afectados más directos, asociacións de veciños, sindicatos, ecoloxistas e a tódolos veciños con algunha inquedanza na conservación da natureza e na mellora da calidade da vida.

Participaron na mesa redonda: Vicente de la Fuente (naquelhas datas Alcalde de Be-

tanzos pola U.C.D., hoxe, concelleal independente), Antolín Sánchez Presedo (portavoz do Grupo Municipal Socialista, hoxe Alcalde de Betanzos), Antonio Lagares Pérez (Concellal socialista), Ricardo García Gondell (portavoz do Grupo Municipal Comunista), Carlos Vales (biólogo e membro da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia A.D.E.G.A.), Andrés Martínez Guerra (representando á empresa Manuel Riego, S.L., hoxe concelleal de A.P.), Pilar Barbeito (unha das "presuntas" afectada pola contaminación de TAFISA) e o Presidente da Cofradía de Pescadores de Miño...

Estamos a faguer eiquí un reconto das opinións "testuáis" debatidas ó longo do debate, sin máis trascendencia ca de darlle a coñecer a una maior número de xente as posicións dos alí participantes, deixando claro que todo o que se denuncia da anterior Corporación é responsabilidade dos 17 concelláis, e tendo en conta, eso sí, a correlación de forzas; e ó tempo que un balance de fin de mandato, tamén é unha denuncia que temos que manter cara á nova Corporación, xa que os problema siguen, e dalgún xeito hai que lembrar as promesas electoráis que alí fixeron concelláis da nova Corporación.

Abriu o debate Carlos Vales cun informe da progresiva degradación ambiental en toda Galicia, rexeitando logo aquelas opinións que "presentan a contaminación como un mal necesario imprescindible, consecuencia do bienestar que se consigue. E decir: hai contaminación porque ten que haber industria. Cuidado con estes razonamentos porque, normalmente, os que padecen as consecuencias da contaminación non son os que se levan os beneficios", (Carlos Vales).

Esta industrialización que C. Vales ad-

xetivou coa
ticada por
xunto da e
nun país r
irracional,
que as de
dustrias no
lo económico
é incipient
é ganar m
que sacan
partir os c
que lles so
den o dañ
lexislars e
empresaria
mence xa
García Goi

As pos
sas e xurc
cuando se
van los pe
Yo disient
toda vez c
también ll
hay dos p
empresaria
beneficios
cerrarían la
micas y
llevaría inc
asalariadas
de la indus
de alguna
juicios" (V

Más q
macion: " que habe
analoxía
minación)
mo lóxica
da, en vista
ta analoxía

e

I inde-
o (por-
, hoxe
es Pé-
García
al Co-
embro
dica de
artínez
Manuel
, Pilar
ectada
Presi-
es de

to dal-
tidas ó
icia ca
iero de
bantes,
nuncia
illidade
eso sí,
que un
é unha
a á no-
ma si-
orar as
n con-

1 infor-
ntal en
as opini-
ón co-
l, con-
jueu. E
en que
azona-
que pa-
inación
ficios”,
les ad-

xetivou como “dependente” foi tamén criticada por Ricardo García Gondell, no conxunto da economía capitalista, que vivimos nun país no que a industrialización fixose irracional, sin orden nin control, o que fai que as desventaxas ecolóxicas destas industrias non teñan correlación co desenrollo económico-social obtido. “Pero España é incipiente na industrialización e o primeiro é ganar moitos millóns, e logo, unha vez que sacan o lucro suficiente para poder repartir os dividendos e sumar un capital e que lles sobra, e cando pensan e comprenden o daño que fan (...) O Goberno ten que lexislar e vixilar que se cumpla (...) E a empresa, áinda que pequena, que escómence xa cos medios necesarios” (R. García Gondell).

As posicións, lóxicamente, eran diversas e xurdíu o debate: “Se ha dicho que cuando se montan las industrias los que llevan los perjuicios no llevan los beneficios. Yo disiento de alguna manera todo esto, toda vez que los que llevan los perjuicios también llevan los beneficios, porque aquí hay dos partes en las industrias: la parte empresarial, que se supone que lleva los beneficios porque si no los llevara se cerrarían las industrias con las crisis económicas y sociales correspondientes que llevaría incluidas, y entonces las personas asalariadas, las que también viven a costa de la industria, llevan los beneficios aunque de alguna manera también llevan los perjuicios” (V. de la Fuente).

Máis queda claro que este tipo de afirmacións: “Hai contaminación porque ten que haber industrias”, parten dunha analoxía causa-efecto (industria-contaminación) que non pode ser aceptada como lóxica nin irremediabel, e de outra banda, en vista que hoxe na ría de Betanzos esta analoxía estase a dar, e suponéndoa irre-

mediabel (e resistíndonos a creer que o home non sexa capaz dun progreso, tamén industrial, que non degrade o entorno) cabería perguntarse por prioridade nunha bisbarra vizosa á que se lle están anulando tódolos seus recursos, sobor de todos, pescueiros e marisqueiros (véxanse os datos de produción marisqueira que a Cofradía de Pescadores de Miño presentou ao número 1 de “AGUILLO”); neste senso sería interesante un estudo evolutivo da produción marisqueira da ría de Betanzos, e poderíanse obter conclusións siñificativas. E como a perda destos recursos é palpable, non parece moi exacto que: “La ría se lleva toda la porquería que sobra de cualquier sitio, pueda ya que sea de las industrias, si es que funcionan mal las depuradoras, que también puede que funcionen mal, aunque por Ley tienen que funcionar bien, pero claro, una industria también puede tener un accidente y, entonces, lo come la ría” (V. de la Fuente).

E indiscutibel que a ría non pode asimilhar todo, non é a mesma de fai unhos anos cando “se podía beber na Galera, ou cando un carteliño advertía “Coto truchero”. Prohibido pescar, ou, sin ir máis lonxe, cando até fai dez ou doce anos a xente se bañaba na Ponte Vella”:

Sentado esto, hai que analizalo xeito de actuar cara ó problema. E cuestión de prioridades; ainda non temos Lei do Medio Ambiente e o delito ecolóxico sigue a quedar impune. Como dixo un aficionado á pesca “é vergoñoso que, porque lle pique a un o aguillón vaia a pescar un día e lle metan cinco ou dez mil pesetas de multa, e aqueles que fixeron innecesario o carteliño de “Coto truchero” (pola contaminación) siguen cometendo o mesmo delito...”.

O xeito de actuación da anterior Corporación Municipal defineuse así polo máxi-

mo responsabel: "El Alcalde, o una autoridad cualquiera, tiene que funcionar en tanto en cuanto exista una denuncia" (V. de la Fuente). Evidentemente é unha forma de actuar correcta, máxime cando se asegura que de ningún xeito quedarán paradas as denuncias, senón que se dará "traslado a quien corresponda (...) y será la autoridad competente, la correspondiente, la que deberá resolver en cada caso (...) Porque los políticos no somos técnicos ni policías, somos unas personas que tenemos que estar a disposibilidade del pueblo" (V. de la Fuente).

Este coñecemento da máquina administrativa correspondente é imprescindible e esencial no político; más hoxe, o oficio de político non pode seguir sendo o dun "técnico da administración", mero intermediario entre o denunciante e as outras esferas decisorias da Administración e incluso da Xusticia, no seu caso. Ten que tomar iniciativas frente ós problemas xeneráis de tódolos días; esos problemas que non ten porque denunciar un cidadán de a pé (e pagar mil pesetas!), porque afectan por igual a tódolos vecíños, incluídos os compoñentes da Corporación. Hai que rachar cós formalismos inúteis e a necesidade de que sexa outro o que levante a lebre para actuar. E non se pode seguir imaxinando: "que cuando se montó una industria habrá cumplido a nivel de papeles la legislación vigente. Me imagino que a lo largo del tiempo se seguiría cumpliendo la documentación y las correcciones correspondientes" (V. de la Fuente).

Con respecto ós problemas concretos; plan de saneamiento, incluíndo a depuradora; tratamiento de residuos e o plan da ría, quedou claro que os membros da antiga Corporación móronse e buscaron solucións a medio e longo plazo; medidas

sempre estimabéis tendo en conta a atracción do político pola medida a corto plazo. De tódolos xeitos botouse de menos unha maior vixilancia no referente ós verquidos incontrolados e decisións a corto plazo no tema de residuos sólidos do servicio municipal de limpeza, así como unha falla total de coñecementos con respecto ós verquidos industriais xa denunciados no primeiro número da revista, e dos que tan soio compro reseñar que a única empresa que se presentou á mesa redonda foi "Terrazos Riego, S.L.", ainda que "tamén había outras industrias que contamiñan en Betanzos que foron invitados e non apareceron; e eu penso tamén que todo o público ten que sacar as conclusións de que, ou ben é que estas industrias non consideraban suficiente á mesa como para que se diñaran asistir, ou ben realmente non estaban moi convencidos de que poideran defender diante de vostedes o seu punto de vista; co cal quedan en evidencia. Eu, desde logo, a priori, xa que non viñeron eiqui a demostrar o contrario, penso que esas industrias están contamiñando". (Carlos Valles).

Riego S.L., presentouse e mencionou un estudo da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago do ano 1973 (estudo xa analizado no anterior AGUILLO); e ante a impavidex xeneral e a inoperancia oficial, ademiteuse e declarouse o seguinte: "Riego almacena o grosos na parte de atrás e as depuradoras, depuran; soio vai ó río cando temos averías. Eso é en caso maior. Por desgracia, eso é unha cousa que as bombas averíansen con algúnhia frecuencia; entónces é cando vai o polvo ó río" (representante de Terrazos Riego).

Este tipo de reaccións, sería mellor decir inoperanzas oficiais, son os formalismos inúteis xa denunciados. Diante de varios

conta a atracar a corto plazo. menos unha ós verquidos de longo plazo no servizo municipal falla total efecto ós verquidos no priso que tan soio empresa que foi "Terrazos tamén había nñian en Benito non aparecendo o público de que, ou non considerara que se dixite non estapaideran desse seu punto de vista. Eu, denñeron eiquí a que esas in...". (Carlos Vales)

a mencionou Farmacia da ano 1973 (es-AGUILLON); a inoperancia use o seguimiento na parte de an; soio vai ó o é en caso ha cousa que algunha freai o polvo ós Riego). a mellor decir formalismos te de varios

membros dos tres partidos no poder municipal, admitíuse que "con algunha frecuencia" contamínase. Algúns deles tomou algunha iniciativa?. Debería ir calqueira cidadán á mañán seguinte a denunciar o caso ás ventanillas municipáis?

Lembremos agora unhas promesas textuais, que hoxe convertéronse en deudas electorais, do partido que ten a Alcaldía da nosa cidade:

Estes coloquios "revelan unha práctica que no futuro sería deseable que tamén o propio Axuntamento non soio comparecerá á invitación das asociacións de veciños, senón que tamén o propio Axuntamento tivese as iniciativas para reunir dentro do propio Axuntamento a todos aqueles que están afectados polos distintos temas da nosa cidade".

"E nos pensamos que dentro do municipio estos temas (contaminación) deben ser obxecto dun seguimento dentro dunha comisión municipal, e que esta comisión municipal debe ter presencia de todas as forzas cidadáns interesadas; para que o Axuntamento sexa unha comunicación contínua co pobo, e desta forma, todos xuntos poidamos prestar atención ó problema" (Antolín Sánchez Presedo).

Transcribimos eiquí estas "promesas" preelectorais porque "referente a representación dos políticos, estou vendo que todo o mundo sabe falar moi ben, pero de todas maneiras eu non estou nada convencido porque estoume temendo que si dentro de un ano volve haber unha mesa polo estilo, estéase escotando exactamente o mesmo; que se están facendo xestións e que se van a tomar medidas" (Carlos Vales).

!E NESTAS ANDAMOS!

Fernando Illanes Alvarez

Sobor da homaxe aos irmáns García Naveira


Fai uns meses, curiosamente en vísperas de eleccións municipais, o axuntamento de Betanzos promoveu unha homaxe aos irmáns García Naveira coincidindo co aniversario da morte de don Xoán.

Entre os varios actos que tiveron lugar (edición dunha biografía dos irmáns, descuberta de retratos na sá capitular do concello, xantar, actos relixiosos, exposición de fotos...), levouse a cabo o traslado da estatua que representa aos dous irmáns, e que viñan de donar os herdeiros, dende o Pasatempo, onde ficaba, á plaza do campo. A nova ubicación é abondo discutida e discutibel, tanto dende o punto de vista estético como arquitectónico. A qué, ou a quén, sinala o dedo índice de don Xoán?

En vida dos irmáns e tamén despois da morte de don Xesús o pobo de Betanzos tiñalles rendido varias homaxes. En 1910, ao concederelles aos irmáns García Naveira a Gran Cruz de Beneficencia, un grupo de

xente da boa sociedade local organizou unha colecta para recaudar fondos con vistaxas a regalarlle por suscripción popular as insignias. Recaudáronse tres mil e pico de pesetas, con participación de casi todo o pobo. Para elo estableciéronse cuotas desde 25 céntimos. Os cartos recaudáronse mais o agasallo non tivo lugar. Nunha sesión do axuntamento un concelleiro, o socialista agrario Bernardo Miño, pideu aclaracións sin resultado.

Trece anos despóis, en 1923, o periódico local "La Batalla" denunciaba o feito, explicando que nunca se soupo de certo que pasou cos cartos. Tamén no ano 1922 foron os irmáns ouxeto dunha homaxe popular. O concello acordou que o "Campo" —chamado entón Praza de Aríñes— levara o nome dos irmáns e ao mesmo tempo dispúxose que os seus retratos se puxeran na sá capitular do concello á beira dos de Portal Montenegro e Gonzalo González,



ira

organizou os con vis popular as e pico de así todo o otas desde nse mais o sesión do socialista iclaracions

o periódico feito, le certo que 1922 foron ce popular. "Campo" ires—levara tempo dispuixeran na dos de Por González,

outros dous benefactores locais.

Compre sinalar que nese mesmo ano o concello solicitou de don Xoán o traslado da megalómana estatua do Pasatempo para situala no mesmo emplazamento de hoxe. Estábase a arranxar por aqueles datas —polo menos así o anunciaba a revista local Rexurdimento— un xardín frente ao "Liceo" con proxecto do arquitecto coruñés Ramón González Villar. O concello pretendía situar alí a estatua, cousa que non se chegou a facer. Descoñecemos si don Xoán se negou ao traslado ou foran outros os motivos. Os eruditos locais poden desvelar a cuestión consultando as actas municipais.


Agora os herdeiros anuncian a donación ao axuntamento da outra estatua que fica no Pasatempo, a da Caridade. A xente fala da sua ubicación frente mesmo da casa do concello. De ser así vaise colocar unha estatua de dubidoso valor artístico nun

emplazamento reducido e á beira de tres monumentos dos más importantes de Betanzos. Quén é o asesor artístico dos nosos municipios?

Non faltan malpensados que coidan que estas donacións dos herdeiros dos García Naveira encamiñánse a "despexar" os terreos onde estuvo ubicado o Pasatempo. Hoxe pesa sobre eles unha resolución que os protexe da especulación. Mais si os poucos vestixios que fican do Pasatempo van desaparecendo pódese pensar nunha futura recalificación dos terreos e a sua urbanización.

Xa á morte de don Xoán os seus herdeiros deixaron abandoar o Pasatempo. Incluso o fillo deste, García Iribarne, chegou en 1949 a plantar lúpulo —cultivo que estaba a introducirse daquela en Betanzos— sacrificando parte da finca, cecáis buscando resarcirse do medio millón de pesetas que lle tiña donado a Franco en 1939.

Xesús Torres Regueiro





O 29 de outubro cumplose 100 anos
da aparición nas rúas de Betanzos
da primeira publicación periódica local:
El Censor

Por esas datas, aproximadamente, o periodismo galego asistía a un proceso novedoso: deixaba de ser exclusivamente urbán para espallarse ás vilas e pequenas vilas. A prensa urbán non enchía as necesidades e esixencias informativas dunhas vilas que económica, social e políticamente empeaban a ter unha vida complexa. Así, en Ordes vai aparecer en 1878 "El Fomento", o que se considera primeiro periódico vilego.

Os precursores do periodismo betanceiro foron Roque Ponte Peña e Fernando García Acuña, dous xóvenes inquietos e inconformistas, de talante democrático e li-

beral. Contaban á sazón 24 e 22 anos cando escomenzan a combatir á reacción e ao caciquismo locais a través das publicacións por eles fundadas: "El Censor", "El Escobón", "Las Riberas del Mendo" serán ouxeto de feroces ataques e persecucións por parte das "forzas vivas" da localidade, até o punto de que os dous últimos tiveron que aparecer domiciliados no veciño axuntamento de Bergondo, co fin de evitar a censura dos municipios betanceiros.

A partir destas primeiras publicacións verán a luz na vila betanceira perto de 40 publicacións cunha periodicidade maior-

mente semanal, con millor ou peor calidade, e cunha vida variabel: dende o par de números dalgunha até os 8 anos de "La Aspiración".

Aparecen así publicacións vencelladas á política de partido: "La Libertad" (1886) —a primeira publicación desta caste— "Otro Pueblo" (1901), "El Bando" (1903), "La Discusión" (1909), "Betanzos Liberal" (1913), "Betanzos" (1914), "Re-xurdimento" (1922), "La Aspiración" (1904), "Nueva Era" (1912)... Moitas destas, máis que publicacións de partido éran máis ben de bandos caciquiles. Outras satíricas e de menor trascendencia: "A Fuliada" (1887), "O Antroido" (1886), "La Mariposa" (1900), "Doña Prudencia" (1901), "El Chaparrón" (1901), "La Cantárida" (1901), "El Bombardino" (1903), "Destellos Juveniles" (1905)... Agrarias: "La Defensa" (1906), "La Batalla" (1923). Obreiras: "El Luchador Ferroviario" (na República)...

A maior parte delas, quitando raras excepcións, imprentábanse nos obradoiros de Castañeira, Amenedo Ponte e Manuel Villuendas, todos eles establecidos en Betanzos.

De todas as publicacións anteditas, as únicas que empregaban o idioma galego eran "O Antroido", "A Fuliada" e "Re-xurdimento" —órgano das Irmandades da Fala—. Incluso os anuncios estaban redatados en galego.

A guerra "civil" e a postguerra, ca censura e a suspensión das libertades —como xa ocorrira na Dictadura de Primo de Rivera—, truncaron todo tipo de expresión que non fora loubanza ao "réximen". A única publicación, con libertade de expresión, que podían ler algunhos betanceiros nestes anos "mouros" era o boletín "Betanzos" que tiraban en Buenos Aires os

emigrantes do Centro Betanzos. Algunhas exemplares facianos chegar clandestinamente a mans de familiares e amigos.

Durante o franquismo as poucas publicacións que aparecen en Betanzos son más ben institucionais, de tipo cultural —cas consabidas restricións— ou vencelladas ao clero e ao ensino: "Boletín de Información Municipal", "Anuario Brigantino" (1948, 1949, 1951), "Albor" (1953)...

En 1956 aparece "El Eco de las Mariñas", última publicación periódica con certas pretensións, nun intento de facer prensa comarcal nunhos tempos difíciles e cunhas rixidas restricións á libertade de expresión.

A partir de aquí xa non se pode falar de prensa periódica, senón de algunhas publicacións esporádicas vencelladas ao mundo estudantil, a asociacións de veciños, culturais e outras entidades. Exemplo desta caste de publicacións foron nos últimos anos: "Follas e Papeles", "Coidamos", "O turito", "O Ciroliñas", "Aguillón"... Tamén o "Anuario Brigantino" que se volveu publicar nos dous últimos anos con apoio municipal.

Dende finais do século pasado até as primeiras décadas do presente, a prensa local viveu a sua época dourada. Rara era a vila con algo de entidade que non tivera a sua publicación —unha vila como Viveiro por exemplo, relativamente pequena, chegou ter 25 publicacións antes de 1936. Trátase, en xeral, dun periodismo non profesional, dirixido a unha poboación cun elevado porcentaxe de analfabetismo, e ás veces feito por persoas non excesivamente cultas. Esta época de prosperidade xornalística durou deixa a guerra "civil" cos seus altaibaixos.

Un dos momentos álxidos marcouño a explosión agraria de primeiros de século, que propiciou gran número de publicacións

al:

22 anos cando
ión e ao caci-
clicacións por
isor", "El
Mendo" serán
persecucións
da localidade,
timos tiveron
veciño axun-
n de evitar a
eiros.
publicacións
a perto de 40
idade maior-


agraristas. Outro momento importante da prensa vilega foi a República, con gran número de publicacións obreiras e de clase. Ainda que no caso betanceiro, contrariamente á tónica xeral, a República non conlevou un aumento de publicacións. As etapas de esplendor do periodismo betanceiro sitúanse na década dos 80 do século pasado e os primeiros 10 anos deste século, chegando en varias ocasións (1899, 1901, 1909) a salir tres periódicos simultáneamente na vila betanceira.

As poucas publicacións non urbanas que sobreviven en Galicia son pezas de mu-

seo e a sua continuidade é máis ben unha empresa sentimental e ruinosa. Curiosamente son tres vilas do litoral norde as que conservan a tradición periodística local —tradición que nestes casos ven de familia—: Ortigueira, Viveiro e Ribadeo.

Hoxe as complejas infraestructuras da información fan que o control dos medios de comunicación soio esté ao alcance de determinados sectores de poder e grupos de presión. A dinámica da información, o mesmo que a social e económica, é diferente á dos tempos daqueles idealistas precursores e das suas publicacións.

XESUS TORRES REGUEIRO



"Particularismos" do centro "Vales Villamarín"

máis ben unha nosa. Curiosal norde as que riodística local casos ven de ro e Ribadeo. aestructuras da rol dos medios o alcance de de- ler e grupos de nformación, o mica, é diferen- realistas precur- is.

REGUEIRO

Sería inxénuo e más reiterativo denunciar de novo o enfoque arcaico do ensino, pero, qué ocurriría si en lugar de perderse en xeneralizacións "usadas", achegamos, como representación de certa problemática á situación real, a un centro próximo e concreto, co seu propio carácter?

Cando eu cheguei ao centro "Vales Villamarín", ocorreu-me algo que me deprí- meu, unha sensación coma cando eu iba ao "cole", e foi ver que ainda se conservaban os vellos ritos que sempre rodearon ao ensino, os vellos ritos que estigmatizaron a varias xeneracións... e que todos, coido, recoñecemos, non soio ineficaces, senón traumáticos, ademais de ser enmarcadores do pensamento, e que, hoxe por hoxe, non corresponden a unha suposta actualización democrática.

Dende logo eu que non teño pretensiones de solucionista xa que sempre é algo moi delicado, e que non forma parte da miña heterodoxia ideolóxica, pero sí sei, non soio por propia experencia, o que non funciona ben, e os resultados demostrounos a inexorabel evidencia do tempo...

Hai que deixarse de decir de maneira absolutista, "o neno non aprende porque non rende máis". Si nón aprende máis é porque ten que axustarse ao programa e non ao revés, e porque é o único receptor da deficencia na calidade do ensino. E temos que informar, tanto os especialistas, coma todo aquel que teña algo que ver co ensino, das variabeis interviñentes no chamado "fracaso escolar" como están a facer algúns servicios psicopedagóxicos.

Ensino memorístico concebido como acumulación mecánica de coñecemento; existencia dunha ruptura entre o medio esco- lar e o medio socio-familiar no que o neno se atope immerso; ensino basado nos métodos de transmisión do coñecemento

do adulto sin ter en conta os intereses e posibilidades da etapa evolutiva de cada neno; dotacións e organización escolar defi- centes (material insuficiente, excesivo nú- mero de alumnos por aula, etc.); índice alarmante de nenos con problemas escola- res; e si ó antedito se lle unen os "particularismos" de cada centro, como neste caso o "Vales Villamarín" no que existe unha persoalización da dirección, unha poboación escolar de 1.800 alumnos que non dispo- ñen de aulas oficiais de educación especial (e que moitos preferimos que foran aulas de apoio); no que hai un outo índice de problemas psicopedagóxicos, no que si- guen a utilizarse métodos punitivos, e no que algún representante do catolicismo si- gue perturbando coa iñorancia a saúde mental do neno, ao que se lle suma, ade- más a situación rural da comarca de Betanzos coas dificultades diglósicas caracte- rísticas e os rasgos de subdesenrolo que, por suposto, existen, etc. Todo esto obligeaños a pensar que son demasiados os factores que delimitan e interrumpen o aprendizaxe, e que algúns dos "particularismos" do centro están contribuindo a im- pedir todo intento, non xa da pretendida calidade do ensino, sinón, tamén, da ac- tualización do mesmo.

FRANCISCO LAGO DIAZ
Psicólogo

BASES DO CONSELLO DE CULTURA

Cara a iniciativa do Axuntamento de creación do Consello de Cultura, a "Asociación Cultural Betanceira" fai pública a súa proposta

E esencial clarificala composición, fins, atribucións e funcionamento deste órgano municipal de participación cidadán no desenrolo da cultura en Betanzos, que debe ser impulsado polo Axuntamento.

Como órgano de participación popular ten que estar formado por delegados revocables dos ciudadáns elixidos polas entidades e colectivos populares con interés pola cultura, ou mellor, polas asambleas de veciños. Deben estar representadas no Consello: asociacións culturáis, sindicatos de traballadores, asociacións de veciños, etc.

A desíñación de membros polo Axuntamento convertiría a participación cidadán nunha falacia, creándose unha camarilla palaciega desíñada polas autoridades pra participar no Axuntamento e burlándose o necesario diálogo público dos representantes municipais co pobo. Non se pode confundir un órgano de asesoramento técnico das autoridades cun órgano de diálogo e participación cidadán no Axuntamento. Hai que evitala dedocracia orgánica.

Os fins culturáis do Consello non han estar orientados á promoción de actos culturáis nos que o pobo soio pode participar pasivamente como espectador dunha cultura elitista e reaccionaria, senón que debe-se impulsala participación directa e activa dos veciños na realización de actividades culturáis e artísticas.

As atribucións do Consello han de estar orientadas, por unha banda, á promoción e proxección de actividades culturáis, pra o cal, é necesario que o Consello esté dotado de capacidade xurídica e medios materiais



cara o desenrolo da sua acción cultural. E pola outra banda, debe orientarse á información e diálogo público dos veciños e os representantes municipais, con facultades pra: esixir información, ser consultado, remitir proxectos, participar no Axuntamento, etc.

O funcionamento do Consello ha de ser plenamente democrático, o que siñifica: convocatoria e reunións públicas, acordos aprobados por maioría, Comisións de traballo con facultades delegadas e tódolos cargos elixidos e revocables polo Consello.

A "Asociación Cultural Betanceira" propón as seguintes Bases do Consello de Cultura:

1.º — O Consello de Cultura é o órgano municipal de participación popular na defensa e desenrolo da cultura en Betanzos.

2.º — O Consello ten os seguintes fins:
— Promoción de actividades cultu-

eación



cción cultural. E
ientarse á infor-
los vecíños e os
con facultades
consultado, re-
no Axuntamen-

onsello ha de ser
o que siñifica:
iblicas, acordos
misiones de tra-
jadas e tódolos
s polo Consello.
al Betanceira”
do Consello de

latura é o órgano
popular na de-
ra en Betanzos.
s seguintes fins:
tividades cultu-

- ráis e artísticas coa participación activa do pobo.
- Promoción de actividades de información libre e debate crítico.
- Promoción de traballos de investigación sobre da bisbarra.
- Promoción da cultura e do arte popular galego.
- Promoción da integración do ensino na sociedade e suplíllas suas deficiencias.
- Promoción de casas de cultura abertas aos vecíños en tódolos barrios e parroquias.

3.º — O Consello ten persoalidade xurídica propia e as seguintes atribucións:

- Promover, organizar e proxectar actividades culturais e artísticas coa participación activa do pobo.
- Remitir peticións, proxectos e informes ao Axuntamento.
- Ser informado da xestión e política cultural do Axuntamento.
- Ser consultado previamente á toma de decisións polo Axuntamento no eido da cultura.
- Exercelas competencias municipáis que sexan delegadas ao Consello por acordo co Axuntamento.

4.º — O Consello está formado polas seguintes entidades existentes en Betanzos:

- Asociacións Culturais
- Sindicatos de Traballadores
- Centros de Ensino
- Asociacións de Vecíños

— Axuntamento

— Outras entidades e colectivos relacionados coa cultura e invitados polo Consello.

5.º — Cada entidade elexirá un representante revocabel no Consello.

O Presidente será o concellar de cultura do Axuntamento. Os demáis cargos serán elexidos e revocabeis, libremente, polo Consello.

6.º — O Consello reúñese a convocatoria do Presidente unha vez ao mes e tamén a convocatoria de 1/4 dos seus compoñentes. As reunións serán públicas.

7.º — Os acordos do Consello son aprobados por maioría simple, sendo necesaria a presencia na reunión de 1/4 dos seus compoñentes.

8.º — O Consello poderá establecer Comisións de Traballo con facultades delegadas e controladas.

9.º — O Presidente e Vicepresidentes están encargados da coordinación do Consello.


Os Secretarios están encargados de levantar actas das reunións e remitir copias a quen corresponda.

Os Tesoreiros están encargados da contabilidade e custodia dos recursos económicos.

10.º — A reforma das Bases ou Estatutos do Consello de Cultura require a aprobación, por maioría absoluta, da Corporación Municipal e do propio Consello.

“Asociación Cultural Betanceira”

Karl Marx. Centenario



PREFACIO A CRITICA DA ECONOMIA POLITICA

“O primeiro traballo que emprendín para resolver as dúbidas que me asaltaron foi unha revisión crítica da filosofía hegeliana do dereito. Este traballo levoume á conclusión de que tanto as relacións xurídicas como as formas de Estado non poden explicarse por si mesmas nin polo chamado desenrolo xeral do espíritu humano, sinón que radican polo contrario, nas relacións materiais da vida, cuio conxunto resume Hegel, seguindo o precedente dos ingleses e franceses do século XVIII, sob o nome de “sociedade civil”, e que a anatomía da sociedade civil hai que buscala

Karl Marx chegou, ao longo da sua fecunda vida (1818-1883), a elaboración dun método de interpretación, análise e transformación da realidade. Método que conlleou unha nova e revolucionaria concepción do mundo.

Aos 100 anos da sua morte, o marxismo sigue a influir na conciencia de millóns de persoas e na sociedade mesma. Xa Engels, compaño e colaborador de Marx, dixera con visión de futuro que a vida e a obra de Karl Marx perdurarían ao longo dos tempos.

Non quixéramos deixar pasar a celebración deste centenario sen contribuir co noso grau de aporta ao coñecimento das ideas e da teoría de Karl Marx, fundamentais para entender a realidade contemporánea.

Publicamos a continuación un fragmento da súa obra.

na economía política. O resultado xeral ao que cheguei (polo estudo da economía política) pode resumírese deste xeito: Na produción social da súa vida, os homes contraen determinadas relacións necesarias, independentes da súa vontade, relacións de producción que corresponden a un degrau determinado do desenrollo das forzas productivas materiais. O conxunto de relacións de producción constitúen a estrutura económica da sociedade, a base concreta sobre da cal érguese unha superestructura xurídica e política e á cal corresponden determinadas formas da conciencia social. O modo de producción da vida material condiciona o proceso de vida social, política e intelectual en xeral. Non é a con-

*o da sua fe
oración dun
lise e trans-
o que conle-
i concepción*

*o marxismo
millóns de
Xa Engels,
Iarx, dixerá
e a obra de
zo dos tem-*

*ir a celebrar-
uir co noso
is ideas e da
ais para en-
rea.
in fragmen-*

*do xeral ao
economía
xeito: Na
os homes
ns necesari-
tade, rela-
ionden a un
lo das for-
onxunto de
en a estruc-
e, a base
unha supe-
á cal corres-
i conciencia
i vida mate-
vida social,
on é a con-*

ciencia dos homes a que determina o seu ser; é, á inversa, o seu ser social o que determina a sua conciencia. A un certo degrau do seu desenrollo, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de producción existentes, ou —o que ven ser a expresión xurídica destas— coas relacións de propiedade dentro das caís se viñeron desenvolvendo deixa eiquí. De formas de desenrollo das forzas produtivas venen a se convertir en obstáculos delas. Abrese, deste xeito, unha época de revolución social.

O cámbeo da base económica revoluciona máis o u menos rápidamente toda a inmensa superestructura ergueita sobre dela. Cando se estudian estas transformacións compre diferenciar sempre entre os cámbeos materiais experimentados nas condicións económicas de producción —e que poden apreciarse ca esatitude propia das ciencias naturais— e as formas xurídicas, políticas, relixiosas, artísticas ou filosóficas, ou sexa, as formas ideolóxicas nas que os homes toman conciencia deste conflito e loitan por resolvelo. Do mesmo xeito que non podemos xuzgar a un individuo polo que pensa de sí mesmo, tampouco podemos xuzgar estas épocas de transformación pola sua conciencia; ao contrario, temos que nos explicar esta conciencia polas contradicións da vida material, polo conflito esistente

entre as forzas productivas sociáis e as relacións de producción. Unha formación social nunca desaparece antes de ter desenvolado todas as forzas produtivas que ela contén; nunca surxen relacións de producción novas e superiores antes de que as condicións de esistencia material desas relacións se teñan manifestado no seo mesmo da vella sociedade. E por esto que a humanidade non se plantexa máis que aqueles problemas que pode resolver, xa que, si se observa máis de perto, vese que o problema mesmo non surxe máis que ali mesmo onde se dan as condicións materiais para resolvelo, ou polo menos onde están xa por aparecer.

A grandes rasgos, a producción asiática, antiga, feudal e burguesa moderna poden ser calificadas como etapas progresivas da formación social económica. As relacións de producción burguesas son a derradeira forma contraditoria do proceso de producción social, contraditorias non no senso dunha contradición individual, sinón dunha contradición que nasce das condicións de esistencia social dos individuos; nembargantes, as forzas produtivas que se están a desenvolver no seo da sociedade burguesa crean, ao mesmo tempo, as condicións materiais para resolver esta contradición. Con esta formación social remata a pre-historia da sociedade humán”.

KARL MARX



Franz Kafka: o home na obra (1873-1924)



A anguria vital do home cara a unha esistencia
cuio siñificado non atinguiu a entender.

Aproveitando a tópica costume dos centenarios, queremos lembrar nestas páxinas ó home Franz Kafka, cuia existencia orixinaria unha das producións más fecundas e orixináis da literatura deste século.

Home dunha sensibilidade extraordinaria, recibiu do pai unha educación totalitaria e tradicional, ciosos valores esenciais eran a enerxía e a força física, siñal de virilidade; e o carácter audaz i emprendedor, esencial no funcionamento dos negocios

familiares —e Franz tras da morte prematura de dous irmáns varóns, sería “o único home”, desa familia de comerciantes de oixen xudeo—. Este carácter domiñante obsesionaría a Franz toda a vida, máxime cando recoñece a importancia —negativa— que pra él tivera esa forte persoalidade, que moi ben poidera actuar dun xeito estimulante e positivo na sua formación humán. “Son o resultado da tua educación e da miña docilidade. O feito de que este resultado che pareza, pese a todo, laiante, e de que incluso opónfaste inconscentemente a ademítilo como resultado da tua educación, débese xustamente a que a tua mán, e o meu material foron sempre estranos entre eles” (1).

O non atinguir esos valores, e consideralos coma tales no seu subconsciente —ainda que na “chamada realidade” condonaseos— sinte unha frustración que ten que combatir refuxiándose en si mesmo. “Dende que teño entendemento tiven que preocuparme con tanta intensidade de afirmar espiritualmente a miña existencia, que todo o demais foime indiferente” (1).

Esta inseguridade espiritual, a sua sensibilidade, e o carácter enfermizo da sua saude —de cando en vez asaltábame un leve temor; temor que se incrementaba en infinitas gradacións até que remataba desembocando nunha enfermedade real” (1)— fixolle buscar amparo afectivo en varias mulleres coas que non chegaría a atopala felicidade, si exceptuamos tan soio unhos meses antes da sua prematura morte. Ós seus trinta e seis anos, dependente e influenciado polo pai, considera “o matrimonio, sin lugar a dúbidas, a garantía da propia liberación e da independencia nun grado máximo (...) Esto sería indudablemente fabuloso, más é aí precisamente o problemático. E demasiado, non é posibel

1924)

a morte prematuro, sería "o único comerciantes de carácter dominante a vida, máxime fortancia —negando forte persoalidade actuar dun xeito que a formación humana educación e o de que este rea todo, laiante, e inconscientemente lo da tua educación que a tua mán, sempre extranos

lores, e considera subconsciente nada realidade" a frustración que idose en si mesendoamento tiven ta intensidade de miña existencia, indiferente" (1). ritual, a sua sennfermizo da sua isaltábase un levementaba en intermetaba desemenda real" (1)—ectivo en varias negaría a atopala tan soio unhos natura morte. Os dependentes e considera "o matrios, a garantia da dependencia nun sería indudable—precisamente o, non é posibel

aspirar a tanto" (1).

O producto é un home oprimido que según dixo Milena, unha das mulleres de Franz, "non se defenda da vida, senón deserta clase de vida"; de aí esa constante búsqueda dunha persoalidade propia dentro da tearaña opresora, do entramado social, escomenzando pola familia, o traballo, etc... E así, no "Proceso" (2) atopamos a un Josef K. perdo entre acusacións sin culpas, detencións sin cadeas nin encarcelamentos, interrogatorios sin enquisas concretas, tribunais, comisións instructoras con influencias nos xueces, pintores de xueces ben relacionados, criadas de abogados... E o remate ten que aceptala condena, convencido de que é preciso que se cumpla, ainda sin saber de que é culpabel. "Agora K. sabía que o seu deber fora coller él mesmo o coitelo que pasaba de mán en mán por riba del, e introducilo no seu corpo" (2).

Do mesmo xeito Gregor Samsa, protagonista de "A Metamorfosis" (3), vese da noite á mañán condenado á nada, reducido tan soio ás funcións animais, salvo a do entendemento, o que ainda fai más tráxica a situación. Pode entender os sucesos que acontecen ó redor del, máis non ten ningún medio pra actuar neles.

No "Castillo" (4) a ansiedade do protagonista ten o único sentido de chegar a fortaleza e saber que é o que ten ese señor do "Castillo".

E ainda en "América" (5), sin dúbida algúna a obra más realista, podemos vislumbrar na vida do emigrante a desorientación que lle produce o afán de integración na nova sociedade, coa anguria que leva consigo este sentimento de soledade.

Vemos como a temática na obra de Kafka é constantemente a anguria vital que produce a inseguridade do home desorientado que ansía chegar, máis iñora onde, e ó mesmo tempo teme ó camiño...

FERNANDO ILLANES

Obras:

- 1.— Carta al padre
- 2.— El Proceso
- 3.— La Metaformosis
- 4.— El Castillo.
- 5.— América
 - La Condena
 - Cartas a Milena
 - Cartas a Felice
 - Diarios (1910-23)
 - El fogonero
 - En la colonia Penitenciaria
 - Un médico rural
 - Un artista del hambre
 - La contemplación

Enquisas do "Aguillón"



O Comité de Analises Sociolóxicos do AGUILLO, sempre sensibel aos temas verdadeiramente serios que preocupan na rúa, ten o proxecto de realizar un estudio rigurosamente científico sobre da nosa problemática más acuciante e urgente. Por elo, pregamoslle a súa cooperación contestando ó seguinte cuestionario:

(Sinale cunha cruxiña a resposta máis axeitada)

1) No caso de que os nosos ediles se decidiran a colocala, ónde pensa Vostede que debería sinalar o pezón valdeiro do grupo escultórico A CARIDADE?

- a) ao Axuntamento
- b) á Iglesia de Santiago
- c) ao Museo do Traxe Rexional Galego

2) Segundo co mesmo grupo escultórico, a quién pensa Vostede que representa o amamantado?

- a) Ao Tio Sam
- b) Ao Fisco
- c) Á Xunta

3) Para qué pensa Vostede que sería útil o dedo de D. Juan?

- a) pra eleixir a Raiña das festas
- b) pra dirixir as atraccións musicais
- c) pra sinalar os puntos "di-vertidos" na ría

4) A qué asociaría Vostede a seguinte copla popular:

Aquí veñen os da Coruña,
Aqui veñen os de Ferrol,
estanse xuntando todos
na cantina da estación?

- a) A buscar as chaves da Capitalidade.
- b) a que os compañeiros de Soto andan a fletar un lanchón contra os verquidos na ría.
- c) a que van cambear o Transcantábrico polo Transcaneirán.

O AGUILLON espera da colaboración ciudadán unha cumprida resposta a nosa Enquisa. Graciñas,

Comité de Análises Sociolóxicos
(CAS dunhas noite de Caneiros)

COMEX

Anl

iVISI

DISP

B1

B1

• DIV

• DE

• PA

de a seguinte
ruña,
rol,
idos
ón?
da Capitalida-
is de Soto an-
ión contra os
o Transcan-
ineirán.
colaboración
posta a nosa

xiológicos
(aneiros)

COMERCIAL SUSA

Antes de comprar o seu
electrodoméstico

¡VISITENOS! T. V. VIDEOS,
FRIGORIFICOS,
CONXELADORES,
LAVADORAS, etc.

DISPOÑEMOS DE SERVICIO
TECNICO

**MOTOS
MARTI**

HUSQVARNA

STIGA

TOMOS

M. T. V.

RODMAN

DERBI

Bellavista, 2

Tfno. 77 14 03

B E T A N Z O S



mármoles oñate



Ribera, 131 - Telf. 770961

BETANZOS

SELGAS ópticos

ADAPTACION DE LENTES DE
CONTACTO E AUDIFONOS

A CORUÑA: Cabo Santiago Gómez, 2 y 4
Edificio "CORTEFIEL" Teléfono 274202
BETANZOS: Sánchez Bregua, 3
Teléfono 770657

Foto Gabin Deportes

Fotografia - Cine - Marcos e Álbumes

Deportes en xeneral

A Boutique da pesca
no Val das Doncelas



Hórreo, 43 - Roldán, 37

Teléfono 771305

BETANZOS

Calzados Serta

ZAPATO DE ARTESANIA
PARA SEÑORA E CABALEIRO
ELEGANTES BOLSOS E DEMAIAS
COMPLEMENTOS EN XERAL

Plaza General Franco, n.º 7

Teléfono 771332

BETANZOS



DECORACIONES
Daniel
Vázquez



Monxas, 19 - Teléfono 77 24 63

Ribeira, 98 - Teléfono 77 00 18

BETANZOS

"BAZAR
DE LOS
REGALOS"



Avda. J. García Naveira, 17

Teléfono 77 12 30

BETANZOS

foto
Fersal

Estudio - Reportaxes

Fotografía industrial - Cámaras e

Material para Foto e Cine



c/ Venezuela, 10 - Telf. 77 16 10

BETANZOS (A Coruña)

ELECTRONICA
CESAR

SERVICIO TECNICO TV

ELECTRODOMESTICOS

EN XERAL



Ribeira, 157 - baixo

Teléfono 77 08 73

BETANZOS

Ruliños

COCHES
CUNAS
SILLAS
PARQUES
ROUPA CUNA
XOGUETES
BICICLETAS



Cruz Verde, 1 - Teléf. 77 13 18

BETANZOS (Coruña)

Electro-Confort

ARTICULOS
PARA
REGALO



RUA TRAVESA, N.º 21

TELEFONO 771912

BETANZOS

Mármoles Fraga

TRABALLOS PARA
“CEMENTERIOS, FACHADAS
E PORTAIS”



RIBEIRA, N.º 157

BETANZOS

NOVEDADES

JUAN

CONFECCIONS



Rúa Travesa, 9 - Telf. 77 07 44

BETANZOS

(A CORUÑA)

asociación
cultural
betanceira



!Ergámonos!